



En relación coa solicitude de conversión de consorcio a convenio do monte “Coto de Xestosa” OR-2008, da pertenza dos veciños de Trellerma, Concello de Toén (Ourense), presentada o 17 de febreiro de 2004 conforme ao acordo da Asemblea xeral da Comunidade celebrada en data 15 de febreiro de 2004, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º- Que o monte “Coto de Xestosa” foi clasificado o 26 de outubro de 1977 polo Xurado Provincial de M.V.M.C. de Ourense, como pertencente aos veciños de Trellerma, no concello de Toén (Ourense)

2º- Que o consorcio “Xestosa” OR-2008 foi aprobado polo Patrimonio Forestal do Estado en 1942, e posúe na actualidade unha superficie de 1,5 has que pertencen a Trellerma.

3º.- Que o convenio que se propón quedaría integrado por 1,5 has. procedentes do consorcio OR-2008.

4º.- Que segundo as bases do convenio polo que se pretende transformar o consorcio existente a Consellaría aportaría a esta modificación de contrato a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizarase en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

5º.- Que a duración do presente convenio asinarase por un período de 20 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

6º- Que segundo as contas do consorcio o monte “Coto de Xestosa” ten un saldo de 742,41 € a favor da Xunta de Galicia, saldo co que se abra a conta de gastos do novo convenio.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1.- Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Coto Trellerma"

Número de elenco: 321/55238

Superficie: 1,5 has.

Pertenza: Trellerma

Termo municipal: Toén

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%

Saldo inicial do convenio: **742,41 € a favor da Xunta de Galicia**

2º.- Que se aprobe a rescisión total do consorcio "Xestosa" OR 2008, por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2007

O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais

Alberte Blanco Casal

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://mediorural.xunta.es>



En relación co expediente remitido pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais relativo a conversión de consorcio a convenio do monte "Coto de Xestosa" OR-2008 da pertenza da Comunidade de montes en man común Trellerma, sito no concello de Toen (Ourense) e cunha superficie actual de 1,5 has. exprésase como criterio desta asesoría xurídica o seguinte

1.- Que o monte vecinal de "Coto de Xestosa" foi consorciado co Patrimonio Forestal do estado e a Excm. Deputación Provincial de Ourense en data 1942.

Segundo o Regulamento de Montes aprobado por Decreto de 22 de febreiro de 1962, configúrase o consorcio como un contrato entre a Administración e o propietario do solo de carácter administrativo.

Clasificación como M.V.M.C.

- Por acordo, en sesión celebrada na cidade de Ourense a 26 de outubro de 1977, o "Coto de Trellerma" no municipio de Toén foi clasificado como monte veciñal en man común,.

2.- Con data 15 de febreiro de 2004, A. Juan Puga Enríquez, en representación da comunidade de MVMC solicitan o troco dos terreos pertencentes ó consorcio actual a convenio do monte denominado "Coto de Trellerma", sen embargo, na documentación non se xustifica o quorum esixido para levar a cabo o acordo de solicitude de cambio dos terreos pertencentes ó consorcio actual a convenio.

3.- A Disposición adicional segunda da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, sinala que as comunidades propietarias de montes de veciños consorciadas ou con convenios coa administración, e con independencia que neles fosen parte os concellos ou Deputacións Provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente.... As débedas dos consorcios realizados pola Administración Forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación como veciñal en man común....



En todo caso aquelas comunidades que se beneficien da condonación da débeda e queiran rescindir o consorcio ou convenio terán que presentar sempre un Plan de aproveitamentos e xestión do monte quedeberá ser aprobado pola Administración.

Igualmente o artigo 25 da Lei sinala que a Consallería de Agricultura daralle aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora da produción agraria... . Ademais desempeñará as seguintes funcións:

- Realizar convenios dirixidos a un mellor aproveitamento do monte con aquelas comunidades de veciños que así o soliciten.

4.- O Informe de data 14 de maio de 2004 do Servizo de Montes e Industrias Forestais propón o seguinte:

PRIMEIRO:

Que se aprobe o convenio coas seguintes características:

- Nome: “Coto de Trellerma”
- Número de elenco: 321/55238
- Superficie: 1,5 has.
- Pertenza: Trellerma
- Termo municipal: Toén
- A contabilizar como subvención: 50%
- A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
- Xuro sobre o anticipo: 1%
- Participación da comunidade no voo: 70%
- Participación da Consellaría no voo: 30%
- Saldo inicial do convenio: 742,41 € a favor da Xunta de Galicia

SEGUNDO

- Que no sucesivo o consorcio “Xestosa” OR-2008 se extinga por pasar na súa totalidade ó novo convenio.



A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais formula a seguinte proposta de Resolución baseándose no informe da Xefa de Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense:

- a. Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes características, danse por reproducidas as do Servizo de Montes e Industrias Forestais.
- b. Que se aprobe a rescisión total do consorcio "Xestosa" OR-2008, por pasar na súa totalidade ó novo convenio.

5.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta de rescisión do consorcio e a súa conversión en convenio, debendo acreditarse o quorum da asemblea do 15/02/04 ante a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, nos termos establecidos na indicada proposta, correspóndelle a sinatura do convenio ao Sr. Conselleiro.

Santiago, 15 de novembro de 2007

O asesor xurídico



Asdo. Juan José Lois Barcia

Subdirección Xeral de Recursos Forestais



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

1.- Aprobar o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Coto Trellerma"

Número de elenco: 321/55238

Superficie: 1,5 has.

Pertenza: Trellerma

Termo municipal: Toén

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%

Saldo inicial do convenio: **742,41 € a favor da Xunta de Galicia**

2º.- Aprobar a rescisión total do consorcio "Xestosa" OR 2008, por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2008


O CONSELLEIRO

Alfredo Suárez Canal



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo - San Lázaro - SANTIAGO DE COMPOSTELA

C O N V E N I O

N.º	321	55238
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a.....de.....de dous mil.....

R E U N I D O S

Dunha banda, D., Conselleiro do Medio Rural, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. ANTONIO GARCÍA PARDO, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE TRELLERMA (TOÉN), segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ao abeiro do previsto na Lei 13/89, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o Regulamento da Lei 5/1977 de fomento da produción forestal, modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia, e sempre e cando non se contradiga a Lei 43/2003 do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1942

para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a

COMUNIDADE DE MONTES DE TRELLERMA

e son os que a continuación se describen:

Denominación: COTO TRELLERMA

Termo municipal: TOÉN

Provincia: OURENSE

C.M.V.M.C. - 2

Situación administrativa e legal MVMC por Resolución de 26 de outubro de 1977

Límites:

N.: MVMC DE TOÉN

S.: MVMC DE MOREIRAS E TRELLE

L.: MVMC DA SÚA PROPIEDAD

O.: MVMC DE XESTOSA

Superficie: 1,5 HAS.

Estado forestal: REPOBOADO DE P. PINASTER

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: -----

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
A TOTALIDADE

Sen vexetación arbórea: Servidumes: AS USUAIS DE PASO

3ª.- O chan continuará pertencendo a COMUNIDADE DE MONTES DE TRELLEMA

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa posesión existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería do Medio Rural aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería do Medio Rural, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-2008 (1,5 HAS.)

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería do Medio Rural .

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería do Medio Rural , e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería do Medio Rural recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería do Medio Rural excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería do Medio Rural procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería do Medio Rural , figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería do Medio Rural asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de VINTE anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería do Medio Rural , coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular. do Medio Rural

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería do Medio Rural se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería do Medio Rural do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería do Medio Rural , se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. PINASTER

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería do Medio Rural interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don LUIS MIGUEL SEGOVIA GARCÍA, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DENOMINADO "COTO DE TRELLEMA) PROPIEDAD DOS VECIÑOS DE TRELLEMA (TOÉN)

2.—Que, así mesmo, figura Don ANTONIO GARCÍA PARDO,
Don JOSÉ RAMÓN ALVES PATO, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 17-06-2009

E para que conste, expido a presente certificación OURENSE
a 14 de decembro de 2006

Don JOSÉ RAMÓN ALVES PATO, Secretario de COMUNIDADE DE MONTES DE TRELLEMA

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 15-02-2004 estando designado Don ANTONIO GARCÍA PARDO representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en TRELLEMA
a de dous mil

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: ANTONIO GARCÍA PARDO

Asdo.: JOSÉ RAMÓN ALVES PATO

Don Alberte Blanco Casal, Director Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Pola Consellería do Medio Rural

ASDO.: Antonio García Pardo